




www.usc.gal/gl/estudos/gaos/ciencias/grao-fisica



Grao en Física



www.usc.gal



Física

A Física adícase á observación e comprensión do mundo que nos rodea e ao desenvolvemento de modelos que permitan facer predicións. Atende tanto a cuestións fundamentais, como os misterios do universo, como a retos tecnolóxicos de vangarda contribuíndo á mellora da calidade de vida. Os avances en física nuclear e de partículas, electricidade, magnetismo, óptica, electrónica, materiais, etc., están moi presentes na nosa vida cotiá, o que contribúe á alta taxa de empleabilidade dos titulados.

Tipo Presencial

Área Ciencias

Centro Facultade de Física
Rúa Xosé María Suárez Núñez, s/n, 15782
Santiago de Compostela
fisica.decanato@usc.es

Campus Santiago de Compostela

+info www.usc.gal/gl/estudos/gaos/ciencias/grao-fisica

Presentación

Interuniversitario: Non
Duración: 4
Número de prazas: 90

Data de inicio: Setembro

Plan de estudos

O plano de estudos está organizado en catro cursos, cun total de 240 créditos ECTS dos cales 60 son de formación básica, 153 obrigatorios (dos que 6 corresponden ao Traballo Fin de Grao) e 27 créditos optativos.

Mobilidade e prácticas

A mobilidade do alumnado está regulada polo “Regulamento de intercambios interuniversitarios”. A través do Servizo de Relacións Exteriores xestionanse os programas de intercambio tanto nacionais (SICUE), como europeos (ERASMUS) e extracomunitarios.

Os principais programas de intercambio pódense consultar na páxina da ORE (O icina de Relacións Exteriores) da Universidade, onde atoparedes outras oportunidades de mobilidade con América, Asia, Australia, etc.

Prácticas externas

Para a realización das Prácticas Externas Optativas, contamos cun catálogo de convenios de colaboración asinados con empresas e institucións en constante ampliación.

Sectores profesionais

Investigación en organismos públicos e privados. Ensinanza universitaria e preuniversitaria. Sanidade. Administración pública. Nanotecnoloxía. Metereoloxía. Oceanografía. Consultoría e inanzas. Automóvilismo Informática. Electrónica, iluminación e telecomunicacións. Medio ambiente e enerxía. Control de calidade de parámetros ambientais.

Por qué estudar o Grao en Física

- Porque che gusta a Física ou algunha das súas ramas e tamén as Matemáticas.
- Porque queres profundar nas achegas históricas ás teorías da física clásica e cuántica e a súa repercusión no mundo actual.
- Porque tes curiosidade por coñecer o mundo que che rodea e non che asusta explorar o descoñecido.
- Porque queres entender os diferentes fenómenos naturais e che gusta o reto de resolver problemas de calquera tipo e complexidade.
- Porque aprenderás a estudar problemas a distintas escalas: dende o comportamento do universo ao dos quarks.
- Porque vas adquirir unha boa formación experimental así como en ferramentas matemáticas e informáticas.
- Porque a física desenvolve un papel fundamental nas novas tecnoloxías (nanociencia, física médica, telecomunicacións, computación cuántica, fotónica, medio ambiente, enerxía, novos materiais, Big data etc).
- Porque a través do seu catálogo de optativas terás a oportunidade de formarte en temáticas estratéxicas e emerxentes de grande interese científico e tecnolóxico.
- Porque poderás realizar o teu TFG en laboratorios de investigación, moitos deles integrados en estruturas de investigación acreditada como o Instituto Galego de Altas Enerxías (Unidade María de Maeztu) ou as agrupacións estratéxicas AEMAT e CRETUS.
- Porque a formación que vas recibir permitirache desenvolver a túa traxectoria profesional en calquera sector profesional inter ou multidisciplinar.
- Porque as competencias que vas adquirir garántenche un alto nivel de empregabilidade, dada a grande demanda de especialistas en disciplinas STEM.

